

PROGRAMACIÓN
XERAL ANUAL
CURSO ESCOLAR
2008 – 2009



CEIP EMILIA PARDO BAZÁN
(A CORUÑA)

ÍNDICE

	PAXINA
1.- INTRODUCCIÓN	2
2.- OBXECTIVOS XERAIS	3
2.1. OBXECTIVOS DE EDUCACIÓN INFANTIL	4
2.2. OBXECTIVOS DO 1º CICLO DE PRIMARIA	5
2.3. OBXECTIVOS DO 2º CICLO DE PRIMARIA	6
2.4. OBXECTIVOS DO 3º CICLO DE PRIMARIA	7
3.- PLAN XERAL DE NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA	8
4.- EQUIPO TIC	9
5.- DEPARTAMENTO DE ORIENTACIÓN	10
5.1. AUDICIÓN E LINGUAXE	11
5.2. PEDAGOXIA TERAPEUTICA	12
5.3. EDUCACIÓN COMPENSATORIA	14
6.- OBSERVATORIO DA CONVIVENCIA	15
7.- SITUACIÓN DAS INSTALACIÓNS E EQUIPAMENTO	16
8.- ORGANIZACIÓN DO CENTRO	17
9.- ACTUACIÓN ÓRGANOS COLEXIADOS / E. DIRECTIVO	25
10.- VIXILANCIA NOS RECREOS	ANEXO I
11.- HORARIO XERAL DO CENTRO	26
12.- ORGANIZACIÓN TAREFAS PERSOAL NON DOCENTE	27
13.- ORGANIZACIÓN SERVICIOS COMPLEMENTARIOS	27
14.- ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES	28
15.- LIBROS DE TEXTO E MATERIAL CURRICULAR	38
16.- PROGRAMA DE FORMACIÓN DO PROFESORADO	43
17.- PARTICIPACIÓN PROFESORADO EN PROXECTOS	44
18.- PLAN DE AUTOPROTECCIÓN DO CENTRO	45
19.- RELACIÓNS COA COMUNIDADE E A FAMILIA	46
20.- UTILIZACIÓN DAS INSTALACIÓNS	47
21.- PLAN DE AVALIACIÓN DO CENTRO (INTERNA)	47

1. - INTRODUCCIÓN

Comezamos o curso escolar 2008-2009 con dificultades organizativas pola falla de recursos humanos e as carencias nas infraestructuras do centro, así como a problemática de obras non finalizadas (pavillón polideportivo) e outras pendentes de acometer (patio cuberto).

O equipo directivo pretende manter unha continuidade coa traxectoria pedagóxica iniciada en cursos anteriores potenciando as novas tecnoloxías da información e a comunicación para integrar a tódolos membros da comunidade educativa.

Continuamos co compromiso de potenciar a presenza da lingua galega no ensino coa incorporación dunha nova unidade de educación infantil ao "Proxecto de potenciación da Lingua Galega".

2.- OBXECTIVOS XERAIS A CONSEGUIR NESTE CURSO

- 1.- Valorar e fomentar as formas básicas de convivencia e cortesía.
- 2.- Promover no alumnado as relacións interpersoais cos compañeiros e cos adultos do seu contorno escolar e social.
- 3.- Continuar a sensibilizar ao alumnado no respecto do medio ambiente empezando polo máis próximo: aulas e patio escolar.
- 4.- Promover hábitos saudables no consumo.
- 5.- Fomentar entre a comunidade educativa o uso das TIC.
- 6.- Continuar a fomentar a utilización do Galego como lingua vehicular na escola.
- 7.- Favorecer na nosa comunidade educativa a atención á diversidade.
- 8.- Considerar a biblioteca escolar como unha mediateca que centralice os recursos multimedia (lectura e información).

2.1. OBXECTIVOS DE EDUCACIÓN INFANTIL

O ciclo de Educación Infantil cara o curso 2008/09 propónse os seguintes obxectivos:

- Estimular a atención necesaria para o desenvolvemento das actividades escolares.
- Adquirir hábitos básicos saudables e actuar autonomamente nos espazos habituais nos que se move o alumnado.
- Continuar co proxecto de lectura.
- Dar a coñecer algunhas das actividades de educación Infantil a través da revista en-liña.
- Achegamento, na medida do posible, do alumnado ás novas tecnoloxías.
- Desenvolver actitudes positivas cara á propia lingua, espertando sensibilidade e curiosidade por coñecer outras linguas.
- Respectar distintos grupos sociais próximos valorando, as súas características, producións culturais, e formas de vida.
- Potenciar o desenvolvemento da linguaxe oral incidindo nos alumnos con N.A.E.

2.2. OBXECTIVOS DO PRIMEIRO CICLO DE PRIMARIA

- Incidir na necesidade de manter a atención necesaria para o desenvolvemento das actividades escolares.
- Considerar como obxectivo prioritario do Ciclo a adquisición das técnicas de lecto-escritura e de cálculo, insistindo unha vez máis na importancia da colaboración familiar.
- Sensibilizar ao alumnado da importancia da mellora e conservación do contorno inmediato: aula, patio, corredores, horta... e seguir traballando na adquisición de hábitos saudables que contribúan á educación integral dos mesmos e á mellora da súa calidade de vida.
- Desenvolver hábitos de cortesía no trato cos seus/súas compañeiros/as e demais membros da Comunidade Educativa.
- Introducir ao alumnado no manexo das novas tecnoloxías da información e da comunicación
- Favorecer a integración e a atención á diversidade de todo o alumnado na procura de desenvolver neles os valores axeitados de convivencia e humanidade..

2.3. OBXECTIVOS DO SEGUNDO CICLO DE PRIMARIA

- Mellorar a competencia lectora do alumnado do ciclo mediante as seguintes medidas:
 - o Desenvolver habilidades lectoras incidindo nunha comprensión e entoación adecuadas.
 - o Continuar co "Plan de lectura" por pracer.
 - o Solicitar a colaboración dos pais/nais para que os seus fillos/as lean diariamente na casa.
- Potenciar a utilización da Lingua Galega para conseguir que sexa usada como instrumento de comunicación habitual.
- Impulsar traballos de investigación nos que a biblioteca e as aulas das novas tecnoloxías sexan os principais centros de recursos.
- Diseñar actividades destinadas a mellorar a atención dos alumnos.
- Achegar ao alumnado ao mundo vexetal a través da Horta Escolar, facendo un seguimento dalgúns cultivos.
- Implicar ao alumnado de forma directa e activa no respecto polas instalacións do colexio e do seu contorno.
- Estimular o desenvolvemento persoal e social do alumnado.
- Promover as relacións interpersoais cos compañeiros/as e cos adultos do seu entorno escolar e social nun ambiente de cordialidade, respecto e compañeirismo.
- Colaborar no Proxecto de Biblioteca no apartado de formación de usuarios.

- Elaborar e consensuar cos outros ciclos unhas normas básicas de comportamento encamiñadas a mellorar a convivencia e o traballo nas aulas e no centro.

2.4. OBXECTIVOS DO TERCEIRO CICLO DE PRIMARIA

Ó finalizar o terceiro ciclo cómpre que o alumnado teña acadada a preparación necesaria para afrontar con éxito os cambios que lle supón a incorporación ó ensino secundario. Para lograr esta finalidade faremos especial fincapé nos seguintes obxectivos:

1.- Potenciar un ambiente de estudio e respecto para lograr unha maior atención e concentración nas actividades de aula (ter o material preparado ó inicio de cada clase, evitar accións e ruídos perturbadores: arrastres de mesas ou cadeiras, golpeteos co bolígrafo, beber auga.... manter silencio e atención ante as explicación dos docentes.

2.- Potenciar o desenvolvemento de habilidades cognitivas e estratexias de aprendizaxe.

3.- Traballar na adquisición de hábitos e técnicas de estudo que lles proporcionen autonomía valorando o seu esforzo como elemento básico na consolidación das aprendizaxes.

4.- Acadar un nivel axeitado de automatización na lectura e escritura. Con respecto á lectura incidiremos, entre outros, nos seguintes aspectos:

- comprensión.
- velocidade adecuada
- entoación

En canto á escritura os aspectos priorizados serán:

- velocidade
- presentación
- adecuación léxica

- corrección sintáctica e ortográfica.
 - Exposición de ideas con orde e claridade nos escritos de elaboración propia.
- 5.- Desenvolver habilidades e estratexias para a resolución de problemas e a execución rápida do cálculo mental.
- 6.- Favorecer o desenvolvemento do alumnado mediante propostas que promovan a participación activa na súa aprendizaxe.
- 7.- Seguir a fomenta-la socialización, autonomía, creatividade, espírito crítico, tolerancia, etc, para desenvolver un axeitado nivel de autoconfianza e autoestima.
- 8.- Continuar a inculcar hábitos de saúde, consumo responsable e defensa do medio ambiente que contribúan ó desenvolvemento integral do alumnado e á mellora da súa calidade de vida.

3.- PLAN XERAL DO EQUIPO DE NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA

O Equipo de Normalización e Dinaminación Lingüística, dentro do obxectivo xeral de: Potenciar o uso e valoración da lingua galega na expresión oral e escrita, propón para este curso os seguintes obxectivos específicos:

- **Aprobar o PLC (Proxecto Lingüístico de Centro) onde desde o Centro se persegue incidir sobre todos e cada un dos compoñentes da Comunidade Educativa.**
- **Prestar apoio e asesoramento aos membros da Comunidade Educativa para potenciar o uso do galego. Dotar ao profesorado de libros,**

diccionarios e outro tipo de material que favoreza a súa función docente.

- Colaborar e facer seguimento sobre a evolución das tres aulas de "Potenciación da Lingua Galega e Educación Infantil.

- Incidir para que na biblioteca (do Centro e de aula), na aula de música e nas TICs haxa dotación suficiente de material en galego: libros, CDs, etc.

- Colaborar e apoiar iniciativas que fomenten o uso do galego e o coñecemento da nosa cultura.

- Facilitar material didáctico para a realización e coñecemento das distintas festas tradicionais: Magosto, Nadal, Antroido, (que realiza a Comisión de Actividades Extraescolares e Complementarias) e Letras Galegas.

- Promover o festival das Letras Galegas.

- Iniciar e fomentar a creación de grupo/s de teatro en galego entre o alumnado.

- Favorecer o contacto do alumnado con persoas relevantes da cultura e/ou literatura galega.

- Dotar de recoñecemento e premiar aqueles alumnos/as que máis len en galego libros da Biblioteca do centro.

- Dar a coñecer ao alumnado os nomes en galego do contorno escolar.

- Recuperar e fomentar xogos tradicionais galegos.

4.- EQUIPO TIC

OBXECTIVOS PROPOSTOS

- Completar a elaboración do Plan TIC.

- Mellora-la alfabetización dixital na comunidade educativa.
- Actualización e mantemento da web dinámica do colexio e da revista en-liña.

ACTIVIDADES PROPOSTAS

- Inventariado por ciclos do material informático do centro.
- Elaboración dun Plan de Formación.
- Constitución dun Seminario Permanente sobre a revista en-liña do colexio.
- Potenciación do uso do XADE (Xestión Académica de Centros) entre o profesorado.

5.- DEPARTAMENTO DE ORIENTACIÓN

No marco do proxecto do departamento de orientación, elaborado para desenvolvelo a medio e longo prazo, priorizamos, para este ano, os seguintes obxectivos:

Asesorar e orientar ó alumnado, ó profesorado e ás familias para colaborar na millora da calidade do ensino.

Apoiar ós procesos de ensino-aprendizaxe, a través da colaboración co profesorado:

1. Na elaboración do "Plan de convivencia do centro".

2. Na identificación das competencias e dificultades do alumnado de Infantil e de Primaria con necesidades educativas especiais, concretando as pautas de actuación, as medidas para a súa atención, os recursos necesarios e o establecemento de criterios para a determinación das medidas educativas extraordinarias (adaptacións curriculares,...) e levar a cabo a intervención educativa.
3. Na reflexión conxunta co profesorado, en relación ó alumnado de alta capacidade, de cara a elaborar unha resposta axeitada para estes alumnos/as.
4. Na relación e coordinación cos servicios e institucións que presten unha atención socio-educativa e sanitaria ao noso alumnado, no marco dunha intervención multiprofesional.
5. No asesoramento e búsqueda de "recursos" para a posta en práctica do labor docente.
6. No proceso de avaliación formativa do alumnado e de información ao alumnado e ás familias.
7. Na coordinación co departamento de orientación do I.E.S. Salvador de Madariaga, centro ó que estamos adscritos.

5.1. PLAN DE TRABAJO DE AUDICIÓN E LINGUAXE

OBXECTIVOS

- Detección e avaliación, coa colaboración dos titores/as, das dificultades na fala e linguaxe que poida presentar o alumnado ao longo do curso escolar.
- Atención docente directa ao alumnado con dificultades da fala e a linguaxe que a requiran.

- Elaboración de material para intervir nas dificultades da fala e a linguaxe.
- Planificación en colaboración cos titores/as de plans de actuación en relación aos alumnos con n.e.e. relacionadas coa linguaxe.
- Asesoramento aos mestres/as, pais/nais e aos alumnos/as sobre os aspectos relevantes no proceso de ensino-aprendizaxe.
- Coordinación coa Orientadora, mestres/as, titores/as e os mestres/as de Pedaxogía Terapéutica nas intervencións cos alumnos/as.

5.2. PLAN DE TRABAJO DE PEDAGOXIA TERAPEUTICA

No presente curso 2.008-09, recibirán apoio educativo de necesidades educativas especiais por parte dos dous profesores de P.T., 20 alumnos de idades comprendidas entre os 3 e os 12 anos.

A intervención educativa no curso vai dirixida a:

- Alumnado con dificultades graves de aprendizaxe na lectura.
- Alumnado con deficiencias psíquicas diversas (Síndrome Down, Síndrome de Sotos e outras deficiencias mentais).
- Alumnado con dificultades cognitivas e metacognitivas
- Alumnado con deficiencia motórica (parálise cerebral lixeira).
- Alumnado con trastorno xeneralizado do desenvolvemento. Síndrome Autista.
- Alumnado con deficiencias sensoriais: auditivas.
- Alumnado con trastornos conductuais (impulsividade, déficit de atención...)

- Alumnado falto de habilidades sociais, habilidades organizativas básicas, intercomunicativas ...
- Alumnado con baixa autoestima e autoconcepto e desmotivado de cara as súas aprendizaxes.

Ao longo do curso traballaránse unha serie de obxectivos en varias direccións. Dun xeito sintético:

OBXECTIVOS DIRIXIDOS Á FAMILIA

- Manter o maior grado de información e intercomunicación coas familias do alumnado con n.a.e. sobre comportamentos, hábitos de estudo, lectura, traballo, tempo libre..., así como sobre a vida afectiva, social, lingüística, cognitiva, conductual....
- Informárlles oralmente nas distintas reunións que se leven a cabo e por escrito, cando sexa necesario, sobre a evolución e desenrolo educativo e persoal dos seus fillos.

OBXECTIVOS DIRIXIDOS AO ALUMNADO

Ofreceranse dous tipos de medidas de atención á diversidade en función das necesidades educativas especiais e das dificultades de aprendizaxe de cada un deles coma apoio nos seus procesos de aprendizaxe: o Reforzo Educativo (R.E.) e a Adaptación Curricular Individualizada (A.C.I.)

Traballaranse os distintos contidos lingüísticos tanto en galego coma en castelán.

Incidiremos na estimulación multisensorial.

Traballaranse os distintos contidos matemáticos, dándolles o nivel de profundidade que cada alumno necesite.

Realizaremos iniciativas de modificación de conducta a través de estrategias conductuais, coa finalidade de autoregular e autocontrolar os comportamentos.

Fomentaremos o desenvolvemento de habilidades sociocomunitarias que favorezan a daptación e integración dos alumnos mais desadaptados.

Incidiremos naqueles alumnos que precisen desenrolar normas axeitadas e hábitos de trabalo o mais autónomos posibles.

A nivel de educadores, xa para rematar, fomentaremos unha metodoloxía baseada nunha pedagogía constructiva do desenvolvemento que promova aprendizaxes significativas e funcionais, así tamén procuraremos crear un clima positivo e motivador nas nosas tarefas educativas tanto nas intervencións nas aulas ordinarias coma na aula de apoio.

Estaremos atento sas novas necesidades educativas que poidan ir xurdindo ao longo do curso.

5.3. PLAN DE TRABAJO DE EDUCACIÓN COMPENSATORIA

Neste curso 2008-09 hai unha profesora de Educación Compensatoria que traballará no centro a tempo completo, servindo de apoio a aqueles alumnos e alumnas, pertencentes a minorías desfavorecidas, que así o precisen.

Os apoios serán impartidos na Educación Primaria e cada curso recibirá entre tres e cinco sesións semanais. Os mércores, á cuarta sesión, haberá reunión co Equipo de Orientación (Orientadora, profesorado de PT e AL...); así mesmo, este mesmo día pola tarde, no centro base (IES. Sardiñeira), faremos reunións do grupo de traballo que formámo-lo equipo de integración.

Como **obxectivo xeral** trataremos de conxer-la integración destes alumnos e alumnas nun marco de convivencia e solidariedade, favorecendo as relacións interpersoais e interculturais entre iguais; por medio de recursos tanto materiais como humanos, traballaremos aquelas áreas que permitan o desenvolvemento da súa vida social e familiar máis inmediata: lecto-escritura, cálculo, transversais... Para elo, sempre teremos en conta as experiencias, necesidades e intereses do noso alumnado, sendo flexibles e procurando aprendizaxes significativas e funcionais.

Como **obxectivos específicos** trataremos de:

- Estimula-la aprendizaxe da lecto- escritura.
- Fomenta-la adquisición de coñecementos sobre cálculo matemático.
- Esperta-lo seu sentido da responsabilidade.
- Desenrola-la súa capacidade de traballo.
- Axudalos a adquirir hábitos de hixiene, limpeza e orde.
- Procura-la asistencia a clase.
- Favorece-la relación familia-escola.

6.- OBSERVATORIO DA CONVIVENCIA.

OBXECTIVOS

- Continuar co desenvolvemento do Observatorio iniciado no curso 2007/08.
- Búsqueda de propostas de implicación e participación por parte de toda a comunidade educativa no desenvolvemento do observatorio.

- Tentar dar resposta ás necesidades educativas do centro detectadas polo observatorio no ano anterior.
- Desenvolvemento de diferentes actividades para a prevención e /ou solución de posibles conflitos que podían xurdir no ámbito educativo.

7.- SITUACIÓN DAS INSTALACIÓNS E EQUIPAMENTO

O retraso na finalización das obras de construción do pavillón polideportivo municipal, así como a prevista construción do patio cuberto repercuten negativamente no desenvolvemento da vida escolar, ao carecer dun pechamento definitivo do centro escolar.

O inadecuado sistema de pechamento instalado nas pistas polideportivas exteriores, están a crear unha grave problemática de seguridade no control do acceso de persoas allea ao centro así como do control do alumnado nos tempos de lecer e nas clases de educación física.

En canto á mellora das infraestructuras existentes necesitaríase:

- Eliminación das barreiras arquitectónicas en todo o recinto escolar.
- Porta e emerxencia no edificio de educación infantil.
- Conexión inalámbrica a internet en tódolos edificios do centro.
- Completar a dotación informática en tódalas dependencias do colexio
- Dotar dun pavimento tipo "tatami" no chan nas aulas do primeiro ciclo de primaria.
- Reestructuración e mellora de xogos do patio de educación infantil.

- A instalación dun sistema tipo video-porteiro no acceso ao edificio de educación infantil.
- Renovar o sistema de electrificación de todo o centro, tendo en conta que, por exemplo, as luces de emerxencia non funcionan.
- Mellorar o sistema de protección das barandillas de acceso ao comedor.

8. - ORGANIZACIÓN DO CENTRO

8.1. ESTRUCTURA ORGANIZATIVA

A) EQUIPO DIRECTIVO

Director: D. José Manuel García Yanes

Xefe de Estudos: D. Horacio Vázquez Boedo

Secretaria: D^a María José Rodríguez Rodríguez

B) PROFESORADO

EDUCACIÓN INFANTIL

Infantil 3 anos A: D^a Ana Alvarez García (Coordinadora)

Infantil 3 anos B: D^a Aurora Candal Miranda

Infantil 3 anos C: D^a Teresa Bernedo Vilor

Infantil 4 anos A: D^a M^a Josefa Fernández Santiso

Infantil 4 anos B: D^a Mar Santiago Arca
Infantil 4 anos C: D^a M^a Victoria Mantiñan Canzobre
Infantil 5 anos A: D^a Joaquina Rodríguez Moreira
Infantil 5 anos B: D^a Consuelo Beiroa Fraga
- Substituta D^a Iria Canedo Monasterio
Infantil 5 anos C: D^a Carmen Cruz Ceide
Apoio 1 : D^a María José Rodríguez Rodríguez
Apoio 2 : Nuria Fernández del Moral

PRIMEIRO CICLO DE PRIMARIA

1^o A: D^a M^a Carmen Mazaira Olveira
1^o B.: D. José Antonio Rico Sánchez
- Substituta D^a Alexandra Campos Vázquez
- Substituta D^a María José Abeleira Corrales
1^o C: D. Sergio Lozano Guitián
2^o A: D^a M^a Carmen Mera Ben
2^o B: D^a Mercedes Martínez Calvo
2^o C: D^a M^a Teresa Mira García
- Substituta: D^a Concepción Brao Gómez

SEGUNDO CICLO DE PRIMARIA

1^o A: D^a María Elena Sánchez Seoane
1^o B: D. José Ramón García Seijas
1^o C: D^a M^a Teresa Gavín Bouso
2^o A: D. Horacio Vázquez Boedo

2º B: Dª Ana María López Pardo

2º C: D. Salvador Espiñeira Riveiro (Coordinador)

TERCEIRO CICLO DE PRIMARIA

1º A: Dª Mª Carmen Santos Iglesias (Coordinadora)

1º B: D. Antonio Castiñeira Vázquez

1º C: Dª Mª José Cabado López

2º A: Dª Mª José Ferrer Varela

2º B: Dª Mª Teresa del Valle CHousa

ESPECIALIDADES

P.T.: D. José Manuel Vila González e Dª Raquel Mª Julián Molina

Educación Musical: Melania Cruz Domínguez (Substituta Dª Ana Eva Suárez García) e Dª Laura Pazos Pintor

Educación Física: D. José Manuel García Yanes, D. José A. Borrajo Menor e Dª Marta Mouzo Casal (Coordinadora 1º ciclo de primaria)

Inglés: Dª Mª del Carmen Roel Rodríguez, Dª Mercedes Alvarez Montáns e Dª Mª Carmen Vázquez Casanova

Relixión Católica: Dª Mª José Lago Petisco e Dª Begoña Pena Martínez

Relixión Evanxélica: Dª Hilda Ramos Vázquez

Audición e Linguaxe: D. Felipe Sande Bello e Dª Salomé Santos Santos

Compensatoria: Dª Natividad Varela García

ORIENTACIÓN

Dª Montserrat Erasquin Salazar.

C) DEPARTAMENTO DE ORIENTACIÓN

- D. Horacio Vázquez Boedo (Xefe de Estudos)
- D^a Montserrat Erasquin Salazar (Orientadora)
- D. José Manuel Vila González (P.T.)
- D^a Raquel María Julián Molina (P.T.)
- D. Felipe Sande Bello (A.L.)
- D^a Salomé Santos Santos (A.L.)
- D^a Natividad Varela García (Compensatoria)

D) COMISIONS

COORDINACIÓN PEDAGÓGICA

- D. José Manuel García Yanes (Director)
- D. Horacio Vázquez Boedo (X. Estudos)
- D^a Ana Alvarez García (Coordinadora 2º Ciclo EI)
- D^a M^a Marta Mouzo Casal (Coordinadora 1º Ciclo EP)
- D. Salvador Espiñeira Riveiros (Coordinador 2º Ciclo EP)
- D^a M^a Carmen Santos Iglesias (Coordinadora 3º Ciclo EP)
- D. José Manuel Vila González (P.T.)
- D^a Raquel María Julián Molina (P.T.)
- D^a Salomé Santos Santos (A.L.)
- D. Felipe Sande Bello (A.L.)
- D^a Teresa Mira García (Coodinadora E.N.L.)
- D^a Montserrat Erasquin Salazar (Orientadora)

Secretaria: D^a Raquel María Julián Molina (P.T.)

NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA

- D^a Teresa Mira García (Coordinadora)
- D^a Consuelo Beiroa Fraga

D^a Victoria Mantiñán Canzobre
D^a Teresa Bernedo Vilor
D^a Laura Pazos Pintor
D^a Teresa Gavín Bouso
D. Salvador Espiñeira Riveiros
D^a Horacio Vázquez Boedo
D^a Elena Sánchez Seoane
D. Felipe Sande Bello
D^a Carmen Santos Iglesias
D^a M^a Carmen Vázquez Casanova

ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS

D^a Raquel María Julián Molina (coordinadora)
D^a M^a Carmen Cruz Ceide
D^a Ana Alvarez García
D^a M^a Camen Mera Ben
D^a José Antonio Borrajo Menor
D. José Ramón García Seijas
D^a M^a Jose Cabado López
D^a Melania Cruz Domínguez
- Substituta: D^a Ana Eva Suárez García

BIBLIOTECA

D^a M^a Carmen Mazaira Olveira (Coordinadora)
D^a Aurora Candal Miranda
D. Joaquina Rodríguez Moreira

D^a M^a José Fernández Santiso
D^a Nuria Fernández del Moral
D. José Antonio Rico Sánchez (Substituta: D^a M^a José Abeleira Corrales)
D^a Mercedes Martínez Calvo
D^a M^a Teresa del Valle Chousa
D^a M^a José Lago Petisco
D^a Hilda Ramos Vázquez
D^a M^a José Ferrer Varela
D^a M^a Carmen Roel Rodríguez
D^a Montserrat Erausquin Salazar

COMISIÓN TIC

D. José Manuel García Yanes (Coordinador)
D^a María José Rodríguez Rodríguez
D^a Mar Santiago Arca
D^a Sergio Lozano Guitián
D^a Marta Mouzo Casal
D^a M^a Teresa Gavín Bouso
D. Salvador Espiñeira Riveiros
D. José Manuel Vila González
D. Antonio Castiñeira Vázquez

OBSERVATORIO DA CONVIVENCIA

D^a Salomé Santos Santos (Coordinadora)
Director: D. José Manuel García Yanes
Xefe de Estudos: D. Horacio Vázquez Boedo
Representantes do profesorado:

— D^a Ana Álvarez García

— D. Felipe Sande Bello

Representante das familias: D^a M^a Elena Ramos García

Responsable de coeducación: D^a Teresa del Valle Chousa

Orientadora: D^a Montserrat Erasquin Salazar

Representante do persoal non docente: D. Manuel Boquete Pérez

Representantes do alumnado (pendentes de nomeamento)

E) OUTRAS ESTRUCTURAS ORGANIZATIVAS

Coordinadora Proxecto Mellora Bibliotecas Escolares: D^a M^a Carmen Mazaira Olveira

Coordinador TIC: D. José Manuel García Yanes.

Coordinador Proxecto Intercomunidades: D. José Manuel García Yanes

Coordinadora do Proxecto Voz Natura: D^a Teresa del Valle Chousa

Horta Escolar: D. Felipe Sande Bello.

Responsable da Comisión da Igualdade: D^a Teresa del Valle Chousa

F) PERSOAL NON DOCENTE

Conserxe. D. José Muiño Serrano (ata o mes de novembro)

Auxiliar Administrativo: D. Manuel Jesús Boquete Pérez

Coidadora: D^a M^a Jesús Mata Espiñeira

E) ORGANIZACIÓN PEDAGÓXICA

Calendario de reunións de coordinación (luns pola tarde en horario de 17 a 18 horas.)

1º Luns: Reunións informativas, reunións de nivel e traballo individual.

2º Luns: Reunións de Ciclo.

3º Luns: Reunións de Equipos e Comisións.

4º Luns: Reunión da Comisión de Coordinación Pedagóxica e traballo individual.

As 5 sesións complementarias non fixas dedicaranse a: Claustro, Consellos Escolares, sesións de avaliación, formación do profesorado. Todas estas sesións serán preferentemente en horario de 18 a 19 horas.

8.1. ESTADÍSTICA DO NUMERO DE ALUMNOS Ó COMEZO DO CURSO

Comezamos este curso cun total de 615 alumnos/as distribuídos como segue:

- 3 unidades de Infantil de 3 anos con 67 alumnos
- 3 unidades de Infantil de 4 anos con 75 alumnos
- 3 unidades de infantil de 5 anos con 75 alumnos
- 3 unidades de 1º curso / 1º ciclo de primaria con 75 alumnos
- 3 unidades de 2º curso / 1º ciclo de primaria con 77 alumnos
- 3 unidades de 1º curso / 2º ciclo de primaria con 58 alumnos
- 3 unidades de 2º curso / 2º ciclo de primaria con 69 alumnos
- 3 unidades de 1º curso / 3º ciclo de primaria con 69 alumnos
- 2 unidades de 2º curso / 3º ciclo de primaria con 50 alumnos

Respecto ó ano anterior supón un incremento dun 7,7%.

Á vista destes datos e a evolución da matrícula nos últimos anos, podemos prever a curto prazo un incremento de matrícula que chegará a completa-la oferta total de prazas.

9. - PLAN DE ACTUACIÓN DOS ÓRGANOS COLEXIADOS E

DO EQUIPO DIRECTIVO

— Claustro de Profesores

Planificará, coordinará e decidirá sobre os aspectos docentes. Celebrará, alomenos, unha reunión trimestral e sempre que a marcha do centro así o demande. As reunións do Claustro de Profesores serán preferentemente os luns pola tarde.

— Consello Escolar

Como órgano de participación dos distintos sectores da comunidade escolar, reunirse sempre que o centro así o precise e, alomenos, unha vez ó inicio e outra ó remate do curso. A celebración dos Consellos Escolares será, na medida do posible, os luns pola tarde.

— Equipo Directivo.

Dedicarán á atención das súas respectivas funcións.

10. - VIXILANCIA NOS RECREOS

Segundo a distribución en quendas do cadro ANEXO I.

**11. - HORARIO XERAL DO CENTRO E CRITERIOS PARA A
SÚA ELABORACIÓN**

A xornada diaria de atención ó alumnado será:

- De 7:30 a 9:00 horas. Programa Madrugadores (almorzos saudables)
- De 9:00 a 14:00 horas. Xornada lectiva atendida polo profesorado do centro.
- De 16:00 a 18:00 horas. Actividades extraescolares: biblioteca e programa Luditarde (proposto pola ANPA e o Concello).
- De 18:00 a 19:00 horas. Activiaddes extraescolares da ANPA.

O día común de presenza simultánea de profesores no centro continúa sendo os luns pola tarde, segundo autorización da Delegación Provincial e aprobación do Consello Escolar, en horario de 16,00 a 18,00 horas.

Elabóranse os horarios atendendo ós criterios pedagóxicos que figuran no apartado 4 do Capítulo IV da Orde do 22 de xullo de 1997 (DOG 02-09-97).

Faise a asignación de curso e grupo atendendo ós seguintes criterios:

1º. Profesorado titor (educación infantil / educación primaria).

2º. Profesorado especialista con especialidade no centro.

3º. Profesorado especialista sen especialidade no centro.

12.- ORGANIZACIÓN DE TAREFAS DO PERSOAL NON DOCENTE

Atenderanse os asuntos de secretaría pola mañá, en horario de 9,00 a 14,00 horas polo Auxiliar Administrativo.

Os asuntos xerais serán atendidos polo conserxe en horario de 9,00 a 14,00 e de 16,00 a 18,00 horas.

O persoal de conserxería encargárase da apertura da porta de Educación Infantil antes das 9,00 e do seu peche as 14,10 horas.

A coidadora atenderá a 5 alumnos no centro dentro do horario lectivo, de 9:00 a 14:00 horas.

13.- ORGANIZACIÓN DE SERVICIOS COMPLEMENTARIOS

A) TRANSPORTE

Continúa realizando o transporte para o noso centro, como en anos anteriores a empresa de D. Perfecto Lista Souto, cun total de 22 alumnos transportados.

O transporte escolar é para o alumnado do Portiño e San Pedro.

Este curso o transporte segue a contar cunha coidadora que será a encargada de introducir ós nenos no recinto escolar cando cheguen e controlar a súa entrada no autobús á hora da saída.

B) COMEDOR

Este curso funcionará o comedor escolar organizado pola Federación de ANPAs de Centros Públicos de A Coruña, no horario habitual de comedor e ademais de 7,30 a 9,00 (Programa Madrugadores). Foi aceptado polo Consello Escolar e aprobado pola Delegación Provincial de Educación.

A organización e administración do comedor escolar é por conta da A.N.P.A. (Concerto coa empresa EUREST)

O colexio facilita o funcionamento deste servizo poñendo a súa disposición un local para este fin e, ademais, facilítase unha aula (comedor infantil) e o Salón de Usos Múltiples por si fora necesario utilízalos durante os días de inverno para algunha actividade entre as 7,30 e as 9,00 horas da mañá e de 14,00 a 16,00 horas da tarde.

A atención ao alumnado no horario de comedor é por conta da A.N.P.A. Milnen@s e a empresa coa que contrata o servizo. A comezo de curso empezaron a utilizar o servizo de madrugadores 52 alumnos/as, 36 con almorzo), atendidos por 2 monitoras e 1 camareira. O servizo de comedor de mediodía é utilizado por 150 alumnos/as que están atendidos por nove persoas, tres camareiras e 6 educadores.

14.- PROGRAMA DE ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES

ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS

Os obxectivos propostos para a P.X.A dende o Equipo de Actividades Complementarias e Extraescolares son:

1.- Utilizar as actividades complementarias co fin de fomentar a información integral do alumnado do colexio. As propostas para este curso son:

- Festa de inicio de curso
- O Magosto
- Día da Paz
- O Entroido
- Semana do libro
- Día das letras galegas
- Día do medio ambiente
- Festa de fin de curso.

2.- Fomentar o coñecemento das tradicións e festas populares do noso contorno.

3.- Motivar ao alumnado dunha maneira lúdica e participativa na celebración das mesmas.

4.- Identificar e concienciar ao alumnado nas datas e celebracións de carácter trascendente.

BIBLIOTECA

No marco do "Plan de Mellora de Bibliotecas Escolares", convocado pola Dirección Xeral de Centros e Ordenación Educativa, da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria da Xunta de Galicia, por cuarto ano consecutivo e para o curso 2008/2009, continúa o noso Centro co proxecto titulado: "Principais actuacións na Biblioteca Escolar 2008-2009".

Para este vindeiro curso, formulamos os seguintes **obxectivos**:

Elaboración do Proxecto Lector para o Centro. Redactarase en base ao proxecto que xa leva aplicándose no Centro dende hai varios cursos.

En relación ao Alumnado:

1. A B. E. colaborará na súa formación de usuarios, axudándolles na medida da súa idade, a localizar, seleccionar e elaborar a información que necesiten para as súas actividades formativas e culturais.
2. Fomentar o interés e a paixón pola lectura, colaborando na consolidación do hábito lector e posibilitando o acceso a una colección actualizada, atractiva e axeitada aos seus intereses, nun clima favorable e para un uso creativo e cultural do tempo libre.
3. Ensinarlles a ser autónomos na súa aprendizaxe e que logren "aprender a aprender" ao longo da vida.

En relación ao Profesorado:

1. Colaborar cos profesores na busca de todo tipo de recursos que necesiten para levar adiante o proceso de ensino e aprendizaxe.
2. Subministrarlles regularmente una información profesional e cultural en relación aos seus intereses e facilitarlles o acceso a aquela na medida do posible.
3. Apoiar ao profesorado en todas aquelas actividades nas que sexa solicitada a colaboración da B.E.

Para lograr esto ofertamos:

1. Servicios:

- Recursos multimedia: Documentos en diferentes soportes, ordenadores, internet, videoproxector...
- Consulta en Sala: Co grupo-clase, durante o recreo, pola tarde.
- OPAC: Consulta do catálogo da B. E. en internet.
- PRÉSTAMO: Préstamo informatizado de documentos en distintos soportes. Realizarase durante o recreo e pola tarde; tamén os titores poderán prestar á súa titoría.

2. Exposicións:

Ao longo do curso realizaranse exposicións relacionadas coas actividades que se leven a cabo.

3. Actividades de Dinamización e Promoción da Lectura:

Presentación de libros, contacontos, encontros con autores, guías de lecturas, boletíns de novidades, diplomas "Leóns Dourados", publicación de artigos na revista dixital do Centro, reelaboración, na medida do posible, dos artigos borrados que se poidan recuperar, ...

4. Fondos:

Organización, xestión e adquisición de novos fondos, en diferentes soportes, segundo as necesidades das aulas. Aparte de catalogar as novidades, seguiremos coa introducción do código de barras nos rexistros bibliográficos anteriores ao volcado no Programa Meiga, tarefa que tentaremos rematar este curso.

SAÍDAS ESCOLARES A REALIZAR NESTE CURSO

EDUCACIÓN INFANTIL

- Teatro Fórum Metropolitana (4 e 5 anos)
- Concerto Palacio da Opera (4 e 5 anos)
- Bibliotecas Municipais(3, 4 e 5 anos)
- Educación Ambiental "Lagoa de Eiris" (5 anos)
- Visita Museos Científicos:
 - Aquarium Finisterrae (3 anos)
 - Casa das Ciencias (4 anos)
 - Domus (5 anos)
- Parque de Bombeiros (4 anos)
- Bonilla (5 anos)
- Rutas Urbanas:
 - Xardíns de Méndez Nuñez (3 anos)
 - Praza de María Pita (4 anos)
 - Os Cantóns (5 anos)
- Excursión fin de curso.

PRIMEIRO CICLO DE PRIMARIA

- Teatro Fórum Metropolitan (1º e 2º)
- Concertos Didáctivos (1º e 2º)
- Rutas Urbanas:
 - Xardíns de Méndez Nuñez (1º)
 - Praza de María Pita (2º curso)

- Excursión fin de curso.

SEGUNDO CICLO DE PRIMARIA

- Teatro Fórum Metropolitanao (3º e 4º)
- Concerto Teatro da Opera (3º e 4º)
- Museo de Bellas Artes (3º)
- Parque de Bombeiros (4º)
- Cerámica do Castro (3º e 4º). Dúas saídas
- Rutas Urbanas:
 - Exploradores en los Cantones (3º)
 - María Pita: La plaza de la libertad (4º)
- Excursión fin de curso.

TERCEIRO CICLO DE PRIMARIA

- Teatro Fórum Metropolitanano (5º e 6º)
- Concertos Didácticos (5º e 6º)
- Museo Arqueolóxico de San Antón (5º)
- Torre de Hércules (6º)
- Educación Ambiental: "La ruta del agua" (5º)
- A Radio en ruta: visita/programa (6º)
- Excursión fin de primaria (6º)

Ademais realizaranse aquelas outras que ó longo do curso poidan xurdir e que os profesores consideren oportunas, previa comunicación á Dirección do Centro.

Para facer fronte ós gastos que ditas saídas poidan ocasionar, pedirase a participación das familias coa aportación económica que se estime necesaria.

ACTIVIDADES EXTRAESCOLARES

INTRODUCCIÓN

LUDITARDE é un programa de ocio e recreación que trata de levar a cabo unha oferta estable e de interese público que permita un tempo libre pedagóxico no ámbito da educación non formal. A través deste programa, os/as nenos/as e os/as mozos/as da cidade poderán desenvolver unhas aprendizaxes adquiridas nun contexto lúdico e próximo a eles.

Está inspirado en cinco **principios básicos**:

- ✓ O encontro coa cidade como experiencia plena e como realidade directa ("sexan URBANOS").
- ✓ O acceso a unha base de experiencias enriquecedoras ("sexan LUDIFORMES").
- ✓ O desexo de transmitir valores cívicos ("sexan CÍVICOS").
- ✓ A busca de contextos para a interacción social ("sexan GRUPAIS").
- ✓ O desenvolvemento de estratexias de aprendizaxe ("sexan ESTRATÉXICOS").

Por medio destes, realizamos as programacións dos distintos bloques temáticos que se realizan a partir das seguintes fases:

Descubrir: a través de propostas dinámicas, detectaranse os intereses das persoas participantes en relación co bloque de contidos correspondente.

Construír: desenvólvese a programación mediante o enfoque desde as diferentes áreas de contidos e faise fincapé nos aspectos actitudinais e procedimentais abordados.

Afianzar: consolidar e tomar conciencia dalgúns dos aspectos traballados na fase anterior e que foran máis significativos para o grupo.

Actuar: os/as participantes nesta fase veranse inmersos/as en procesos para:

- A comunicación e a posta en práctica do produto final coa intencionalidade de intervir sobre a realidade máis próxima e sobre a situación-problema que impulsou a intervención pedagóxica.

Avaliar: os/as participantes nesta fase veranse inmersos en procesos para:

- Contrastar permanentemente a formulación, o desenvolvemento e os resultados das actividades educativas co pretendido.
- Reformular, se for necesario, a formulación, o desenvolvemento e os resultados das actividades educativas para aproximalos ao desexado.

CONTIDOS

As distintas áreas de contidos permítenos desenvolver os distintos bloques de contidos seguindo as pautas que a continuación sinalamos:

- *Actividade Motora: ocupa a maior carga horaria de todas as áreas de contidos.*

Debidamente secuenciada segundo as idades dos/as participantes, abrangue desde a adquisición de habilidades motoras básicas até a iniciación deportiva. (baloncesto, hóckey e atletismo, para este curso).

- *Artes Escénicas: a pedagogía teatral como experiencia e recurso para espertar novos intereses e favorecer a socialización.*
- *Expresión Oral-Escrita: o achegamento á literatura infantil a través de propostas lúdicas como medio para fomentar o hábito lector.*

- *Expresión Artística: as habilidades plásticas e manuais como medio para desenvolver aspectos artísticos de tipo creativo.*
- *Informática: o uso das novas tecnoloxías como un achegamento á evolución tecnolóxica e como recurso para enriquecer as propostas pedagóxicas formuladas.*
- *Lóxica Matemática e Xadrez: área para o desenvolvemento de habilidades mentais e o pensamento lóxico. Xogos de taboleiro e fichas. En grupos de primaria inclúese o prexadrez e xadrez.*
- *Expresión Musical: cunha carga horaria específica para cada grupo de idade e con xogos rítmicos e coreografías, coñecemento de instrumentos musicais, xogos co son (intensidade, timbre ...)*

Todas estas áreas de contidos serán abordadas por educadores xeneralistas ou por titores de ocio, a excepción da área Animación Musical, que lles é impartida a todos os grupos de nenos/as por un mesmo educador.

Así pois, e de igual modo que en anos anteriores, teremos presentes a realización de:

- Actividades conxuntas dentro do propio centro.
- Encontros lúdicos para os nenos e nenas de educación infantil onde a práctica motora secuenciada é o medio para fomentar espazos socializadores.
- Encontros deportivos relacionados cunha práctica deportiva específica que corresponda.
- Proxectos (actividades grupais de carácter puntual que impliquen a participación de nenos e nenas de diferentes centros, agrupados segundo o tramo de idade ao que pertencen).
- Clausuras (actividade final conxunta a todos os grupos - Nadal e maio).
- Colaboración nas actividades puntuais que o centro teña programadas (Magosto, Día da Paz, Entroido...)

Todas estas áreas terán o seu desenvolvemento a partir dos seguintes bloques temáticos que desenvolveremos ao longo do curso:

- \ REEENCONTROS: do 1 ao 25 de outubro
- \ "FUNDANDO CIDADE": do 29 de outubro ao 14 de decembro
- \ "INTERCULTURALIDADE": do 8 de xaneiro ao 14 de marzo
- \ "ARTE URBANA": do 25 de marzo ao 16 de maio
- \ LUDERE ET RIDERE: do 16 ao 31 de maio

EDUCADORES/AS RESPONSABLES DOS GRUPOS

GRUPO	A (3-4 anos)	B (4-5 anos)	C (6 anos)	D (7-9 anos)
Educador/a	Diego	MARIA	Gema	Cristina
Titulación	Mestre Ed. Infantil	Mestra Ed. Infantil	Anim. Sociocultural	Educadora social
Educador/a Especialista	Serxio: Profesor de solfeo e piano			

MARIA NO (coordinadora de centro): 630 143 207

Alberto Míguez Durán (coord. xral. do programa Luditarde): 981 184 293 (Fórum Metropolitano)

Ademais destas actividades, a A.N.P.A. do centro oferta as seguintes:

- **BALONCESTO:**

- Lugar: Pavillón de cocheras.

Horario:

— Nados no ano 1997-98: Luns, de 17,00 a 18,00 e venres de 17,30 a 18,30 horas.

— Nados no ano 1999-00: Venres, de 17,00 a 18,00 horas.

— Nados no ano 2001-02: Luns, de 17,00 a 18,00 horas

- **FÚTBOL SALA**

- Lugar: Pavillón de Cocheras

Horario:

— Nados no ano 1997-98: Venres, de 18,30 a 19,30.

— Nados no ano 1999-00: Luns, de 16,00 a 17,00 horas.

— Nados no ano 2001-02: Venres, de 16,00 a 17,00 horas.

- **XIMNASIA RÍTMICA (pendente de confirmación)**

Lugar: Salón de Actos do Colexio e patio cuberto de infantil.

Horario:

— De luns a xoves de 16,00 a 17,00 horas.

15.- LIBROS DE TEXTO E MATERIAL CURRICULAR

1º CICLO DE PRIMARIA

Curso e etapa	Área Materia Ámbito Módulo	Título, editorial e ano de publicación
1º PR.	CASTELLANO	PROYECTO TRAMPOLIN 1 S.M. 2007
1º PR.	GALEGO	PROXECTO TRAMPOLIN 1 S.M. 2007
1º PR	MATEMAT.	MATEMATICAS 1 GALICIA. PROYECTO MUNDO CORES VICENS VIVES 2007
1º PR	INGLES	BUGS 1. STUDENTS BOOK MAC MILLAN
1º PR	LECTURAS	EL REGALO DE CUMPLEAÑOS 1 S.M. 2007
1º PR	LECTURAS	APRENDO A LEER CON EL ABECEDARIO ANIMAL S.M. 2007
1º PR	MATEMAT.	MUNDO CORES CUADERNOS 1, 2 E 3 VICENS VIVES 2007

1º PR	CASTELLANO	PROYECTO TRAMPOLIN 1, 1º TRIMESTRE S.M. 2007
1º PR	CASTELLANO	PROYECTO TRAMPOLIN 1, 2º TRIMESTRE S.M. 2007
1º PR	CASTELLANO	PROYECTO TRAMPOLIN 1, 3º TRIMESTRE S.M. 2007
2º PR	CASTELLANO	PROYECTO MUNDO DE COLORES VICENS VIVES 2007
2º PR	COÑ. MED.	MEDIO 2 GALICIA VICENS VIVES
2º PR	GALEGO	NOVO LUA 2 VICENS VIVES 2007
2º PR	MATEMAT.	MATEMATICAS 2 GALICIA. PROX. MUNDO CORES VICENS VIVES 2007
2º PR	INGLES	BUGS 2. STUDENT BOOK MAC MILLAN
2º PR	GALEGO	LECTURAS LUA 2 VICENS VIVES 2004
2º PR	CASTELLANO	LECTURAS EL REGALO DE CUMPLEAÑOS 2 S.M. 2007
2º PR	RELIXION	RELIXION CATOLICA. SAN PABLO
2º PR	MATEMAT.	MUNDO CORES CUADERNOS 1, 2 E 3 VICENS VIVES 2007
2º PR	MATEMAT.	CIFRA. EL AVION DE PAPEL VICENS VIVES
		CUADERNO SUMAR LEVANDO 2005
		CUADERNO RESTAR LEVANDO 2006
		CUADERNO SUMAR E RESTAR LEVANDO 2007
		CUADERNO PROBLEMAS SUMAS E RESTAS 2 2006
		CUADERNO MULTIPLICACIÓN POR 1 CIFRA 2005

2º CICLO DE PRIMARIA

Curso e etapa	Área Materia Ámbito Módulo	Título, editorial e ano de publicación
3º PR	MATEMAT.	MATEMATICAS 3 GALICIA . MUNDO CORES VICENS VIVES 2008
3º PR	COÑ. MED.	MEDIO 3 GALICIA. MUNDO CORES . VICENS VIVES 2008
3º PR	CASTELLANO	LENGUA CASTELLANA 3. PROY. MUNDO AGUA EDELVIVES 2008
3º PR	GALEGO	LINGUA GALEGA 3 PROX. MUNDO AUGA EDELVIVES-TAMBRE 2008
3º PR	CASTELLANO	LECTURAS 3. PALABRAS DE AGUA. PROY. MUNDO AGUA EDELVIVES 2008
3º PR	INGLES	GALAXY 3. CLASS BOOK OXFORD 2003
3º PR	RELIXION	ALBORADA 3. BRUÑO 2005
3º PR	INGLES	GALAXY 3 ACTIVITY BOOK OXFORD 2003
4º PR	MATEMAT.	MATEMATICAS 4 GALICIA. MUNDO CORES VICENS VIVES 2008
4º PR	COÑ. MED.	MEDIO 4 GALICIA. MUNDO DE CORES VICENS VIVES 2008
4º PR	CASTELLANO	LENGUA CASTELLANA 4. PROY. MUNDO AGUA EDELVIVES 2008
4º PR	GALEGO	LINGUA GALEGA 4. PROX. MUNDO AUGA EDELVIVES-TAMBRE 2008

4º PR	CASTELLANO	LECTURAS 4. PALABRAS DE AGUA. PROY. MUNDO AGUA. EDELVIVES 2008
4º PR	INGLES	GALAXY 4. CLASS BOOK OXFORD 2003
4º PR	RELIXION	ALBORADA 4. BRUÑO 2003
4º PR	INGLES	GALAXY 4 ACTIVITY BOOK OXFORD 2003

3º CICLO DE PRIMARIA

Curso e etapa	Área Materia Ámbito Módulo	Título, editorial e ano de publicación
5º PR	MATEMAT.	MATEMATICAS 5. PROX. UN PASO MAIS OBRADOIRO SANTILLANA 2006
5º PR	CASTELLANO	LENGUA CASTELLANA 5. PROY. UN PASO MAS SANTILLANA 2006
5º PR	COÑ. MED.	MEDIO 5. PROX. UN PASO MAIS OBRADOIRO SANTILLANA 2006
5º PR	GALEGO	PROX. DEIXA MARCA ANAYA 2006
5º PR	INGLES	GALAXY 5 . CLASS BOOK OXFORD 2004
5º PR	RELIXION	ALBORADA 5 .BRUÑO 2002
5º PR	INGLES	GALAXY 5. ACTIVITY BOOK OXFORD 2004
6º PR	MATEMAT.	MATEMATICAS 6. PROX. UN PASO MAIS. OBRADOIRO SANTILLANA 2007
6º PR	CASTELLANO	LENGUA CASTELLANA 6. PROY. UN PASO MAS SANTILLANA 2007
6º PR	COÑ. MED.	MEDIO 6. PROX. UN PASO MAIS OBRADOIRO SANTILLANA 2007
6º PR	GALEGO	PROX. DEIXA MARCA ANAYA 2006
6º PR	INGLES	GALAXY 6 . CLASS BOOK OXFORD 2004
6º PR	RELIXION	ALBORADA 6 .BRUÑO 2002
6º PR	INGLES	GALAXY 6. ACTIVITY BOOK OXFORD 2004

EDUCACION INFANTIL

3 ANOS	MATEMAT.	PENSAR, CONTAR, CALCULAR... CUADERNOS 1, 2 E 3. TRASNOS MÁXICOS XERAIS
3 ANOS	INGLES	TREEHOUSE CLASS BOOK OXFORD 2005
4 ANOS	MATEMAT.	MATEMATICAS 2 "CALDEIRON" ANAYA
4 ANOS	INGLES	THREE IN A TREE A. CLASS BOOK OXFORD 2005
5 ANOS	MATEMAT.	PENSAR, CONTAR, CALCULAR... CUADERNOS 7, 8 E 9. TRASNOS MAXICOS XERAIS
5 ANOS	LINGUA	O PAIS DAS LETRAS CUADERNOS 2, 3 4 E 5 EDELVIVES-TAMBRE
5 ANOS	LINGUA	O PAIS DAS LETRAS CUADERNOS 2, 3 4 E 5 EDELVIVES-TAMBRE
5 ANOS	INGLES	THREE IN A TREE B. CLASS BOOK

16. PROGRAMA DE FORMACIÓN DO PROFESORADO

Ao marxe da formación que cada docente poida facer a través do programa de formación do Centro de Formación e Recursos, plantexámonos no propio centro a necesidade de continuar a formarnos na utilización das Tecnoloxías da Información e a Comunicación (TIC). E por tal motivo está previsto solicitar as seguintes actividades formativas:

Ao marxe desta formación regrada están previstas actividades formativas a realizar en sesións non lectivas para que con carácter

voluntario o profesorado participe nelas. Os/As relatores/as será profesorado do propio centro educativo e as temáticas a abordar serán:

- Coñecemento e funcionamento do EDI (Enderado Dixital Interactivo).
- Coñecemnto e funcionamento da revista en-liña do centro.
- Actividades formativas sobre XADE (Xestión Académica de Centros).
- Aplicacións da web 2.0

17.- PARTICIPACIÓN DO PROFESORADO EN PROGRAMAS OU PROXECTOS DE INNOVACIÓN EDUCATIVA E GRUPO DE TRABALLO

"Programa de anticipación da primeira lingua estranxeira" da Consellería de Educación e O.U.

- Proxecto de Bibliotecas Escolares da Xunta de Galicia.
- Programa de "Informatización en rede de centros" do Concello de A Coruña.
- Horta Escolar.

- Proxecto Medio ambiental "Voz Natura".
- Proxecto de Potenciación da Lingua Galega en 3 unidades de Educación Infantil de 4º, 5º e 6º cursos de educación infantil.
- Proxecto Intercomunitario: "A biblioteca escolar: espacio de aprendizaxe e diversión".
- Seminario Permanente: Actualización e mantemento da revista enliña do colexio.
- Grupo de Traballo: Integración curricular das TICs.
- Seminario Permanente: Prevención a actuacións de alteracións articulatorias na Etapa de educación Infantil: As dislalias.

18.- PLAN DE AUTOPROTECCIÓN DO CENTRO

Mecanismos e medios para facer fronte a calquera incidencia que afecte á seguridade dos alumnos, profesores, demais persoal e instalacións

- Caixas de urxencias. Debidamente equipadas para atención de pequenas lesións ou feridas.
 - a) Edificio de primaria. Situada na planta baixa, na sala de curas.
 - b) Edificio de Infantil. Situada na planta baixa, no servizo de profesoras.

- c) Educación Física. Situada no almacén de material das pistas polideportivas.
- Plan de evacuación.
Constituirase unha comisión de autoprotección que terá por obxecto a preparación e aplicación do plan de emerxencia, que comprenderá a organización dos medios humanos e materiais para a prevención do risco de incendio ou de calquera outro equivalente, así como para garanti-la evacuación e intervención inmediata.
 - Control de persoas que acceden ó colexio.
En horario lectivo non poderán acceder ás aulas os pais/nais nin outro persoal sen a debida autorización.
 - Protección do alumnado.
Os alumnos non poderán abandona-lo centro en horario escolar sen contar co permiso da dirección ou do profesor titor.
Os pais, ou persoa que se faga cargo do alumnado, deberán asinar no rexistro existente en secretaría.
 - Saídas de emerxencia.
Portas e ventás da planta baixa.
 - Sistema de seguridade dos que dispón o centro:
Extintores, portas de seguridade, reixas na zona de secretaría, biblioteca e conserxe con vivenda no colexio.
 - Simulacro de emerxencia.
O longo do curso farase algún simulacro de emerxencia, para habitua-lo alumnado as saídas controladas en caso de evacuación urxente.

19. RELACIÓNS COA COMUNIDADE E A FAMILIA

A) Manterase contínua relación e colaboración coas seguintes Entidades:

- A.N.P.A. do colexio.
- Asociación Comunitaria do Distrito Quinto.
- Servicios Sociais do Barrio.
- Programa de Infancia e Familia.
- Centros de Saúde de Labañou e dos Rosais.
- Centro de Saúde Mental Infantil.

B) Atención a pais / nais:

- O Equipo Directivo no seguinte horario:
 - Director: Luns, mércores e venres de 9,00 a 9,50.
 - Xefe de Estudos: Luns, martes e venres, de 9,00 a 9,50.
 - Secretaria: Previa cita.
- O Profesorado: os luns de 16,00 a 17,00 horas, previa cita.
- Orientadora: concertando cita.

20. UTILIZACIÓN DAS INSTALACIÓNS

Fora do horario lectivo poderán utilizar as instalacións do centro a A.N.P.A. e outras organizacións, sempre e cando conten coa autorización da Dirección ou do Consello Escolar, para realizar as actividades extraescolares nos espazos acordados para cada fin.

21. PLAN DE AVALIACIÓN DO CENTRO (INTERNA)

A finalidade será propicia-la reflexión e toma de decisións que permitan a mellora da calidade educativa do centro.

Para logralo, basearémonos:

- a) Nas programacións.
- b) Na metodoloxía docente.
- c) Na avaliación do alumnado
- d) No clima escolar e de aula.
- e) Nos resultados académicos.